

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DO 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e seis de dous mil dezaioito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede da acta da sesión anterior (26/07/2018).

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE solicita que se inclúa no punto 8º Rogos e preguntas “se ten contemplado facer a extensión da rede de saneamento na parte alta da aldea de Quintáns” e a Presidencia contestou “que non”.

Accédese á modificación é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2017.

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento desta Entidade, correspondente ao exercicio económico de 2017, en cumprimento do disposto no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que presenta os seguintes datos:

A.- BALANCE DE SITUACIÓN


BALANCE DE SITUACIÓN A 31/12/2017	
ACTIVO	PASIVO
14.931.919,17	14.931.919,17

Fondo de Manobra (activo corrente – pasivo corrente): -51.230,57 €
No exercicio 2017 xerouse Patrimonio Neto por importe de: 387.206,65 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



B.- CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS DE XESTIÓN DO ANO 2017	4.032.254,84
GASTOS DE XESTIÓN DO ANO 2017	4.007.154,17
RESULTADO TOTAL DE XESTIÓN (AFORRO)	25.100,67
RESULTADO DETERIOROS DE VALOR E OUTROS	0,00
RESULTADO DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS	- 20.405,07
RESULTADO NETO DO EXERCICIO (AFORRO)	4.695,60

C.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS EN 2017	4.603.663,31
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS EN 2017	- 4.510.476,45
DIFERENZA: RESULTADO DO EXERCICIO	93.186,86
GASTOS FINANC. CON REMANENTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO NEGATIVAS	12.311,07
DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO POSITIVAS	- 96.205,30
RESULTADO AXUSTADO (SUPERAVIT)	9.292,63

Quedando ao final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	387.630,83
ACREEDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	65.377,74

D.- ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	114.808,82
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO	0,00

E.- COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F.- ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
FORMALIZACION	0,00	94.493,91	94.493,91	0,00
CAIXA	687,49	40.834,79	41.477,57	44,71
BANCOS	73.173,14	8.152.261,98	8.160.322,67	73.173,14
TOTAL	73.860,63	8.287.590,68	8.296.294,15	73.860,63

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Capitais:

	A 01/01/2017	CREACIÓN	AMORTIZACIÓN	A 31/12/2017
CON ENT. DE CREDITO	210.568,52	0,00	189.530,29	21.038,23
OPER. TESOURERIA	308.890,98	0,00	154.027,36	226.863,62



O Sr. Secretario di que estivo exposta ao público e non houbo reclamacións e que polo tanto procede á súa aprobación.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sinala que o resultado do exercicio foi dun superávit de 9.000 €. Procede anotar como se chegou a ese resultado, mesmo adiando pagamentos a profesionais e dende outubro dese exercicio se deixou de pagar a unha parte dos provedores, ademais varios centos de miles de euros foron traspasados ao orzamento do ano 2018 por falta de créditos e outras facturas de provedores habituais foron presentadas no ano 2018.

Cre que se chegou a ese resultado con certos artificios contables. O exercicio 2018 comezou lastrado, pero para o mesmo aprobaron en pleno un crédito que lle vai dar remanente para pagar, entre outras cousas, eses axustes do ano 2017.

Posta a votación apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, e 2 abstencións do BNG-AA e o Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

3º.- Acordo, se procede, sobre ratificación da Resolución da Alcaldía núm.455/18, do 5 de setembro, pola que se aproba a primeira addenda ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vedra para a execución da actuación da nova rede de saneamento en puntos do rural de Vedra.

Dáse conta da seguinte Resolución da Alcaldía (nº 455/18):

“En relación co Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vedra para a execución da actuación da nova rede de saneamento en puntos do rural de Vedra, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Vista a PRIMEIRA ADDENDA ao citado convenio sobre o axuste de anualidades na que se modifican as cláusulas sexta e undécima relativas ao réxime de financiamento e obrigas de carácter económico e ao prazo de vixencia do convenio.

En función da urxencia da aprobación da citada addenda e á vista das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen prexuízo da posterior ratificación desta resolución no próximo Pleno municipal.

RESOLVO:

Aprobar a PRIMEIRA ADDENDA ao Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vedra para a execución da actuación da nova rede de saneamento en puntos do rural de Vedra.”

A Presidencia di que é unha cuestión de trámite burocrático. A obra é complexa e adjudicouse por unha cifra inferior á que viña no convenio, polo que para non perder fondos, o resto dos fondos a maiores pasan para o ano 2019 e a obra é para executar este ano.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE di que espera ver a obra feita dunha vez, e recorda as fotos na prensa dos anos 2016 e 2017. Á vez repróchalle a propaganda feita polo grupo de goberno desa obra e que a estas alturas estea todo sen facer.



Anuncia o voto a favor do seu grupo.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que esta addenda é en realidade unha emenda á totalidade do convenio asinado con Augas de Galicia no ano 2016, no cal se prometía un investimento de 700.000 € en saneamento, e o seu grupo votou en contra dese convenio en pleno porque advertiron que podía pasar o que finalmente pasou, que no período 2016-2018 non se executou nada.

As condicións do convenio non eran boas porque o maior esforzo de investimento deixábase para o último ano e estaban condicionados á achega de Augas de Galicia en futuras anualidades, xa que o primeiro ano foi de só 50.000 €. Os outros 650.000 € estaban condicionados á existencia de crédito nos orzamentos correspondentes.

No seu momento xa lle dixo que o esforzo orzamentario tiña que ser inmediato e non tan retrasado nos períodos.

A realidade é que no ano 2016 acudiu con moita presión á prensa para dicir que Vedra recibiría 700.000 € para a súa rede de saneamento, e a día de hoxe o concello está como estaba.

No ano 2017 xa se realizou unha modificación no convenio de xeito unilateral por parte de Augas de Galicia, na cal contrariamente ao que a Presidencia respondeu en pleno, no ano 2016 non se executou nada. O investimento no ano 2017 foi de 0 € e para o 2018 700.000 €.

A principios do ano 2018, no pleno de febreiro, preguntou en Pleno polo estado de execución dese convenio e a Presidencia contestou que o convenio 2016-2018 executaríase e gastaríase integramente no ano 2018. Tamén dixo que comezaran coa adxudicación completa o ano pasado, 2017, cando non había nada feito igual que agora a finais do 2018.

Tamén di que cada ano sacan a noticia de que hai 700.000 €, e á xente parécelle que cada ano veñen eses cartos para saneamento. Agora a dous meses de rematar o ano di que van executar 585.000 € e que van quedar 115.000€ para o ano 2019.

Pregunta a que se debe este incumprimento de execución e afirma que lle parece unha falta de respecto á veciñanza e aos concelleiros da corporación.

A Presidencia agradece o voto a favor do PSdeG-PSOE, e contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que o importante é que se fagan as obras. A segunda fase completa vaise executar no ano 2018. Esa obra adxudicouse por unha cantidade inferior o que non quere dicir que se vai facer menos obra. A obra a realizar é completa. Para non perder o resto dos fondos vanse pasar para o 2019. Tamén dixo na comisión informativa que nese proxectos queda unha terceira fase que é a que teñen que lograr asinar con Augas de Galicia, e entre que se asina o convenio e se executan as obras pasan case dous anos. As addendas son para pasar eses cartos dun ano para outro e reitera que o importante é que se execute a obra e logren asinar esa terceira fase da obra.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que a Presidencia reconece que isto mesmo que está contando foi o que contou hai dous anos.

Pregúntalle á Presidencia se reconece que non se investiu nada dos 700.000 € que a día de hoxe tiñan que estar executados. Pregunta se reconece que hai 6 meses dixo en pleno que se estaba executando e que había unha modificación previa onde se prevía xa que no ano 2017 non se ía investir nada.



Dille á Presidencia que este investimento que se vai financiar con fondos europeos, no propio convenio sinálase que no caso de que a propia Comisión Europea adopte decisións que impliquen correccións financeiras (que poden ser posibles) ou rectificacións dos fondos europeos (que poden ser posibles) como consecuencias de causas imputables á entidade local como ocasionar atrasos na execución das obras, obrígase ao concello a asumir os importes.

Di que se ausentará da votación.

A Presidencia contesta que votarán iso porque cre que é importante que se faga, e votarán que se faga unha terceira fase que tamén executarán. O seu obxectivo é asinar esa terceira fase, e unha vez asinada dá igual quen governe na Xunta de Galicia ou no concello, que se executará.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, responde que lle sorprende a soberbia que supón a afirmación de que asinarán e executarán esa fase. Di que será no caso de que gañen as eleccións.

Posta a votación o citado acordo, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

4º.- Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal núm. 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do día 24 de setembro de 2018 no que di que o Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o trinta e un de maio do ano que andamos, acordou adherirse ao protocolo de actuación entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa *Concellos Doing Business Galicia*.

Na cláusula segundo do citado protocolo establécese a obriga dos concellos de modificar as ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI), do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) e a do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO)

Polo que se respecta ao IBI, proponse.

Primeiro.- Modificar a ordenanza fiscal nº 1, reguladora do mesmo, do seguinte xeito.

Artigo 6.º.-Exencións.

6.3.-. Tamén estarán exentos os centros sanitarios de titularidade pública directamente afectos ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. Esta circunstancia documentarase mediante certificado do organismo titular do centro sanitario, acreditando a afectación do centro ao cumprimento dos fins específicos destes.

Artigo 14.- Bonificacións.

14.8.-Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de



especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Vedra de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

Segundo.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar que no suposto de que non se presenten reclamacións no citado prazo, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais.

A Presidencia di que xa se falou o outro día na comisión, tanto polo tema do centro do saúde, como doutros locais. Trátase de actualizar as ordenanzas que se aprobaron no pleno onde se tratou o tema de concellos emprendedores “Doing Bussines” para as diferentes ordenanzas.

En relación á cuestión formulada polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre o IBI, sinala que haberá que estudalo máis a fondo porque é moi restritivo no tema das bonificacións.

Solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo non lle ai poñer pegas á modificación proposta e esperan que haxa que aplicala moitas veces; aínda que se non se desenvolve o polígono augúralle pouco éxito a estas modificacións. No seu momento



o seu grupo insistiu na aplicación destas modificacións, xa que se os concellos veciños o facían e Vedra non o facía, as empresas terían menos motivos para instalarse en Vedra. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que no seu momento solicitara o documento orixinal de onde nace este que presentan agora en pleno e non se lle enviou. Preocúpalle ese deixamento e desleixo. Pregúntalle á Presidencia cantas empresas cre que van xerar 20 postos de traballo en Vedra.

A Presidencia responde que o texto que hai é un texto do pleno celebrado no mes de maio do 2018 onde xa se sinalaran as modificacións e que son a Xunta e a FEGAMP as que marcan as bonificacións. O concello consultou coa Xunta de Galicia e respondéronlle que o texto que mellor se adecuaba era o do concello de Melide.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, replícalle á Presidencia que está de acordo en que o mellor texto é o do concello de Melide, porque traballaron no tema e o concello non lle deu a oportunidade á Xunta de Galicia de dicir que era o de Vedra, porque non fixeron absolutamente nada e van sempre a rebufo doutros concellos.

A Presidencia di que entón deben de estar contentos, porque se é como di o Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, dentro de oito meses gañará as eleccións municipais.

Posta a votación a citada modificación da ordenanza apróbbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

5º.- Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal núm. 2, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do día 24 de setembro de 2018 na que se propón:

Primeiro.- Modificar a ordenanza fiscal nº 2, reguladora do ICIO, do seguinte xeito:

Artigo 9.º . Bonificacións.

9.1

d) Construcións, instalacións, obras, rehabilitacións e/ou conservación de edificios destinados a centros de saúde, bonificación do 95%.

e) Establécese unha bonificación da cota correspondente para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2.a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.



Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poda xustificarse no momento da concesión da licenza, xustificarse dende o momento da alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas e nun prazo máximo de seis meses.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Vedra de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Segundo.- Segundo.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar que no suposto de que non se presenten reclamacións no citado prazo, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais.

A Presidencia di que a porcentaxe máxima de bonificación vén establecida coa Lei de facendas locais e mesmo o prazo de tres anos está establecido na mesma lei.

Posta a votación a citada modificación da ordenanza apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

6º.- Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal núm. 3, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

Dáse conta do informe da comisión informativa de economía e especial de contas do día 24 de setembro de 2018 na que se propón:

Primeiro.- Modificar a ordenanza fiscal núm. 3, reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), do seguinte xeito:

Artigo 3º Exencións e bonificacións.

1.2.- Estarán bonificados

Establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así



como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Vedra de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Segundo.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

Terceiro.- Considerar que no suposto de que non se presenten reclamacións no citado prazo, o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais.

Posta a votación a citada modificación da ordenanza apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

7º.- Aprobación, se procede, das bases específicas para cubrir unha praza de auxiliar administrativo, incluída na oferta de emprego público 2018.

Dáse conta das bases que rexerán a convocatoria para a selección dunha praza de Auxiliar Administrativo/a, como funcionario de carreira, incluída na oferta de emprego público 2018, mediante o sistema de oposición (quenda libre).

Primeira.- Obxecto da convocatoria e descrición do posto.

É obxecto das presentes bases a selección para a provisión de 1 praza de auxiliar-administrativo/a como funcionario/a de carreira, mediante o sistema de oposición (quenda libre).

Esta praza inclúese na Oferta de Emprego Público do Concello de Vedra correspondente ao exercicio 2018.



Descrición do posto:

-Grupo C. Subgrupo: C2. Clasificación: escala de administración xeral. Subescala: auxiliar. Nivel: 14. Categoría: auxiliar administrativo/a. Número de prazas: 1

As funcións a realizar serán as propias do posto segundo determina o artigo 169 do RD 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Segunda.-Sistema de provisión.

Oposición.

Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes.

a) Estar en posesión ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes o título de Graduado/a en Educación Secundaria Obligatoria. Así mesmo, atenderase ao disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de Graduado en ESO e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente credencial de homologación.

b) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido/a no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Empregado Público (TREBEP).

c) Ter cumpridos 16 anos de idade, e non exceder da idade establecida como máxima para o ingreso nun corpo ou escala, así como non exceder no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións da praza a que se aspira.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 24 de decembro.

g) Estar en posesión do título acreditativo de nivel de coñecemento da lingua Galega Celga 3 ou equivalente. As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do Celga 3 ou equivalente deberán facer unha proba de acreditación do coñecemento da lingua galega.

h) Ter aboado a correspondente taxa de dereitos de exame segundo a vixente ordenanza fiscal deste concello.

Todos os requisitos enumerados nestas bases deberán cumprirse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e conservarse ata o momento da toma de posesión

Cuarta.-Admisión de aspirantes.

4.1.- Para ser admitidas ao proceso selectivo bastará con que as persoas aspirantes manifesten na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O



cumprimento destes requisitos será acreditado mediante a presentación dos documentos correspondentes na forma prevista na base undécima.

4.2.- Terminado o prazo de presentación de solicitudes o titular do órgano competente ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, no prazo máximo de dous meses. A Resolución, que conterá a lista completa de persoas aspirantes admitidas e excluídas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal (www.concellodevedra.com).

4.3.- As persoas aspirantes excluídas expresamente, así como as que non figuren na relación de persoas admitidas nin na de excluídas, disporán dun prazo único e improrrogable de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para emendar o defecto que motivara a súa exclusión ou a súa non inclusión expresa. As persoas que dentro do prazo sinalado non emendasen os defectos xustificando o seu dereito a ser admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. Os erros na consignación dos datos persoais rectificaranse de oficio ou a instancia da persoa interesada en calquera momento do proceso selectivo.

4.4.-Finalizado o prazo de emenda de defectos das solicitudes, publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña unha resolución declarando aprobada a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, no prazo máximo dun mes, que poderá ser prorrogado por causas xustificadas e previa resolución motivada. A proposta do Tribunal cualificador, poderase indicar na citada resolución, a data, lugar e hora de realización da primeira proba, sen prexuízo de que con anterioridade o Tribunal publique estas mediante Anuncio do Tribunal cualificador.

Quinta.- Presentación de instancias.

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde-presidente do Concello de Vedra, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vedra no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. A citada solicitude conterá, polo menos, os datos persoais do/da solicitante, enderezo, núm. de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico e a denominación da praza convocada á cal opta.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentase as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello, deberá remitirse ao correo correo@concellodevedra.com copia da instancia dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

O Concello porá a disposición das persoas interesadas un modelo de solicitude nas oficinas do Rexistro municipal e a través da súa páxina web www.concellodevedra.com. Non será necesaria a compulsa dos documentos que se presenten fotocopiados, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Tribunal cualificador ou os órganos competentes do Concello de Vedra poidan requirir ás persoas aspirantes que acrediten a veracidade das circunstancias e documentos achegados.

Xunto coa solicitude achegarase obrigatoriamente:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Fotocopia do certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, Celga 3 ou equivalente.



- c) Declaración responsable de cumprir os requisitos sinalados na base terceira, apartados a), d), e) f).
- d) Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame.

Aquelas persoas aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas, deberán achegar xunto coa documentación mencionada, a seguinte:

a) Solicitalo de modo expreso na súa instancia, concretando as adaptacións concretas que pretende.

b) Achegar fotocopia compulsada de ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grado de discapacidade recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se a persoa aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006 de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.

Sexta.- Dereitos de exame.

As persoas participantes deberán aboar a cantidade de dezasete euros (17,00 €) en concepto de dereitos de exame segundo a vixente ordenanza fiscal nº 6 deste Concello. Esta taxa será ingresada na conta nº ES44 2080 0330 1731 1000 0020 aberta en ABANCA. No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude, deberase facer constar o nome e apelidos do/a aspirante así como a denominación da praza a que se presenta.

Sétima.- Tribunal cualificador.

7.1 . O tribunal cualificador está constituído da seguinte forma:

- Presidente/a: un/unha funcionario/a.
- Secretario/a: o Secretario-Interventor do Concello de Vedra ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogais: catro funcionarios/as ou persoal laboral fixo

O/a secretario/a do tribunal cualificador terá dereito a voz pero non a voto.

En todo caso a constitución do tribunal cualificador deberá respectar o establecido no artigo 60 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

7.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir e notificaranllo ao órgano convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Na sesión de constitución do Tribunal, o Presidente esixirá dos membros do Tribunal declaración formal de non acharse incurso nestas circunstancias. Esta declaración deberá ser tamén cumprimentada polos asesores especialistas e polo persoal auxiliar que o Tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias.



O tribunal cualificador resolverá as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

Os/as vogais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada (RD 896/91 do 7 de xuño, art.4 e).

De acordo co artigo 14 da Constitución Española, os Tribunais velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

7.3. Cando o procedemento selectivo por dificultades técnicas ou doutra índole así o aconsellase, o Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas, para todas ou algunha das probas, de acordo co previsto nas correspondentes convocatorias. Os devanditos asesores/as colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas, e terán voz pero non voto. Así mesmo, os Tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios, cuxa designación deberá comunicarse ao órgano competente, que haberá de autorizar o número de persoal auxiliar proposto. O nomeamento dos asesores especialistas e persoal auxiliar publicarase mediante Anuncio do Tribunal Cualificador no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal: www.concellodevedra.com.

7.4. Para a válida constitución dos Tribunais, para os efectos da celebración das sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do/a Presidente/a e o/a Secretario/a ou, no seu caso, de quen lles substitúa, e da metade polo menos do resto dos seus membros.

7.5. O Tribunal adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes en cada sesión. En caso de empate repetirase a votación ata unha terceira vez na que, se persiste o empate, este dirimirá a Presidencia co seu voto. Para as votacións seguirase a orde establecida na Resolución de nomeamento dos membros do tribunal, votando en último lugar o/a Presidente/a. Os acordos do tribunal poderán ser impugnados nos supostos e na forma establecida na Lei 40/2015. O tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións expostas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo.

7.6. Durante o desenvolvemento das probas selectivas os Tribunais resolverán todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación das bases da convocatoria, e adoptarán os acordos que garantan a boa orde do proceso no non previsto expresamente por aquelas. As incidencias que poidan xurdir respecto da admisión de aspirantes nas sesións de celebración de exames serán resoltas polo Tribunal cualificador, quen dará traslado ao órgano competente. Os tribunais poderán requirir ás persoas aspirantes, en calquera momento do proceso, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. En caso de constatare que algunha das persoas aspirantes non reúne un ou varios dos requisitos, o Tribunal, previa audiencia ao/á interesado/a, deberá emitir proposta motivada de exclusión do proceso selectivo, dirixida ao órgano que aprobese a relación definitiva de aspirantes admitidos/as, comunicando, así mesmo, as inexactitudes ou falsidades formuladas pola persoa aspirante na súa solicitude de participación para os efectos pertinentes. Contra a Resolución do devandito órgano poderán interpoñerse os recursos administrativos que procedan. Así mesmo, se o Tribunal durante o desenvolvemento do proceso selectivo tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha das persoas aspirantes carece de capacidade funcional para o desempeño das tarefas e funcións habituais da categoría obxecto da convocatoria, solicitará informe preceptivo dos órganos técnicos competentes, o cal será evacuado no prazo máximo de dez días e terá o carácter de determinante para resolver. Desta actuación darase coñecemento ao/á interesado/a, ao obxecto de que poida formular as



alegacións que estime oportunas. Se do contido do ditame se desprendese que a persoa aspirante carece de capacidade funcional, o Tribunal emitirá proposta motivada de exclusión do proceso selectivo dirixida ao órgano competente. Ata que se dite a oportuna Resolución polo órgano competente a persoa aspirante poderá continuar participando condicionadamente no proceso selectivo. Os Tribunais poderán excluír a aquelas persoas opositoras en cuxas follas de exame figuren nomes, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade dos autores ou leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios. As resolucións dos tribunais vinculan á Administración municipal aínda que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nese caso haberán de practicarse de novo as probas ou trámites afectados polas irregularidades

Oitava.- Probas selectivas.

Primeiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio

A primeira proba consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 50 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, de carácter teórico, todas elas referidas ao temario de materias que se recolle no anexo I das bases.

O exercicio terá a duración máxima de 60 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e, para superalo, será necesario obter un mínimo de 25 puntos. As respostas correctas puntuarán 1 punto e por cada resposta incorrecta restaranse 0.50 puntos. As non contestadas non terán valoración.

Segundo exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en desenvolver por escrito dous temas elixidos ao azar no día do exercicio. O Tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar a puntuación mínima. Este exercicio cualificarase de 0 a 50. Para superalo será necesario obter un mínimo de 25 puntos.

Terceiro exercicio. De carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en transcribir no tempo que o tribunal determine un documento facilitado por este a soporte informático no programa LibreOffice Writer. Valorarase a súa presentación acorde ao formato do texto orixinal e a corrección dos erros ortográficos detectados. O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 25 puntos

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio

Este exercicio consistirá na tradución sen dicionario dun fragmento dun documento administrativo proposto polo tribunal e no tempo máximo que este determine. Este exercicio será cualificado de “apto” ou “non apto”.

Quedan exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Novena.- Sistema de selección.

9.1. O proceso de selección realizarase a través do sistema de oposición.

9.2. Desde a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas e máximo de corenta e cinco días naturais.



9.3. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio da oposición en chamamento único aínda que este se divida en varias sesións, debendo asistir as persoas aspirantes á sesión á que fosen convocadas. Serán excluídos do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non comparezan, salvo nos supostos alegados e xustificados con anterioridade á celebración do exercicio, debendo o Tribunal adoptar resolución motivada para ese efecto. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamada determinará automaticamente o decaemento do seu dereito para participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo.

9.4. Se algunha das persoas aspirantes non puidese completar o proceso selectivo por mor de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados, a súa situación quedará condicionada á finalización deste e á superación das fases que quedasen aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo Tribunal, e en todo caso a realización das mesmas terán lugar antes da publicación da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

9.5. A orde de actuación dos/as opositores/as iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra que resultase do sorteo anual realizado pola Secretaría do Estado para a Administración Pública a que se refire o artigo 17 do Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.

9.6. Concluído cada un dos exercicios da oposición, o Tribunal fará pública, no taboleiro de Edictos do Concello de Vedra e na páxina web municipal www.concellodevedra.com a relación de persoas aspirantes que o superasen, con indicación da puntuación obtida. Dita publicación efectuarase no prazo máximo dun mes, que poderá ser prorrogado, por unha soa vez, por causas xustificadas e previa resolución motivada.

Décima.- Cualificación final.

10.1. A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nos distintos exames.


10.2. No caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- 1º A nota máis alta no primeiro exercicio.
- 2º A nota máis alta no segundo exercicio.
- 3º A nota máis alta no terceiro exercicio.

10.3. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de persoas aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias das persoas aspirantes seleccionadas ou cando da documentación achegada por estas se deduza que non cumpren os requisitos esixidos ou por circunstancias sobrevidas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgunha das persoas aspirantes, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano competente poderá requirir do Tribunal relación complementaria de aspirantes que sigan aos propostos para o seu posible nomeamento como funcionario/a de carreira.

Undécima.- Presentación de documentos.

11.1. No prazo de vinte días naturais, contados dende o día seguinte a aquel en que se fíxese pública a lista definitiva de persoas aspirantes aprobadas no Boletín Oficial da



Provincia, os/as aspirantes propostos/as achegarán os documentos que a continuación se relacionan:

- a) Fotocopia e orixinal do DNI, pasaporte ou calquera outro documento acreditativo da nacionalidade en vigor.
- b) No caso de aspirantes que concorren ás probas selectivas por tratarse de cónxuxes, ou descendentes do cónxuxe, de españois ou nacionais de países membros da Unión Europea deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e unha declaración xurada ou promesa da persoa española ou da nacional da Unión Europea coa que existe este vínculo, de que non está separado/a de dereito do seu cónxuxe e, no seu caso, do feito de que o/a aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- c) Fotocopia e orixinal do título esixido nas bases específicas ou certificación académica que acredite ter realizados e superados os estudos completos necesarios para a expedición deste. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase achegar a documentación acreditativa da súa homologación ou validación.
- d) Declaración xurada ou promesa de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitutivos ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non encontrarse no caso de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de función públicas por resolución xudicial para o acceso á escala, subescala, clase e categoría de funcionario/a na que fose separado/a ou inhabilitado/a. As persoas nacionais doutros Estados deberán acreditar igualmente non encontrarse inhabilitadas ou en situación equivalente, nin estar sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- e) Documentación acreditativa dos restantes requisitos.

11.2. Conforme ao disposto no artigo 23.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, quen dentro do prazo indicado no apartado 9.1, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida nas bases da convocatoria ou do exame desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos por estas, non poderán ser nomeados funcionarios/as de carreira, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Duodécima.- Nomeamento do/a funcionario/a de carreira.

12.1. Concluído o proceso selectivo, quen o superase e achegue a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria, será nomeado/a funcionario/a de carreira polo titular do órgano competente, no prazo máximo de catro meses desde a publicación da relación de aprobados/as no Boletín Oficial da Provincia. Con carácter xeral, tentarase que este prazo de catro meses este comprendido dentro do prazo xeral de tres anos de execución das Ofertas de Emprego Público, previsto no artigo 70 da Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

12.2. O nomeamento e a data de toma de posesión como funcionario/a de carreira publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Transcorrido o prazo dun mes, o/a aspirante que non teña tomado posesión perderá todos os dereitos adquiridos durante o proceso selectivo, quedando anuladas todas as súas actuacións.

Décimo terceira.- Comunicación e incidencias.



13.1. A publicación de todos os actos e acordos derivados deste proceso selectivo e aqueles que se diten durante o desenvolvemento de cada exercicio, realizaranse mediante a súa inserción no Taboleiro de Edictos do Concello de Vedra, sen prexuízo da publicidade que se dará aos devanditos actos a efectos informativos na súa páxina web www.concellodevedra.com. A publicación no Taboleiro de Edictos do Concello será vinculante para os efectos da convocatoria para a realización dos exercicios da fase de oposición, así como a que determine o inicio do cómputo de calquera dos prazos que estean establecidos e sexan de aplicación segundo as bases.

13.2. As persoas aspirantes poderán dirixir ao órgano competente as comunicacións sobre incidencias relativas á actuación do Tribunal, así como as reclamacións, queixas, peticións ou suxestións sobre o proceso selectivo.

13.3. O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria ao non resultar cuberta á súa finalización, por non superar o proceso selectivo ningunha das persoas aspirantes.

Décimo cuarta.- Listaxe de reserva.

Aprobarase unha listaxe de reserva para posibles nomeamentos como funcionario/a interino/a conformada por todas aquelas persoas aspirantes que superaran algún dos exercicios do proceso selectivo.

A orde estará formada de maior a menor nota acadada na suma dos exercicios e no caso de empate resolverase por sorteo.

Décimo quinta.- Reclamacións e recursos.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e no xeito establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

**ANEXO I
TEMARIO**

Tema 1. A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais. O Tribunal Constitucional. A reforma da Constitución.

Tema 2. A organización do Estado na Constitución: organización institucional e territorial. A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder Xudicial.

Tema 3. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración pública. A Administración Xeral do Estado. As Comunidades Autónomas: os Estatutos de Autonomía. A Administración Local. A Administración institucional.

Tema 4. A organización da Unión Europea. O Consello Europeo, o Consello, o Parlamento Europeo, a Comisión Europea e Tribunal de Xustiza. Competencias da UE.

Tema 5. A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Disposicións xerais. O municipio. Territorio, poboación, organización e competencias. A provincia. organización e competencias.

Tema 6. Funcionamento de órganos colexiados locais; réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións do Presidente da Corporación. As ordenanzas e regulamentos das entidades locais: clases, procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 7. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo.

Tema 8. Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos dos



actos administrativos. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade. Notificación e publicación.

Tema 9. Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. A obriga de resolver. O silencio administrativo.

Tema 10. Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.

Tema 11. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As relacións interadministrativas.

Tema 12. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Obxecto e ámbito de aplicación. Negocios e contratos excluídos. Tipos de contratos. Contratos administrativos e contratos privados.

Tema 13. Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Persoal ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos.

Tema 14. Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

Tema 15. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Recursos das facendas locais. Enumeración. Os recursos dos municipios: tributos propios.

Tema 16. Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais. Contido e aprobación dos orzamentos. Modificacións de créditos. Execución e liquidación do orzamento.

Tema 17. Dereitos e deberes da veciñanza no ámbito local. Información e participación cidadá. Regulamento de participación veciñal do Concello de Vedra.

Tema 18. O rexistro de documentos: concepto. O rexistro de entrada e saída: o seu funcionamento nas entidades locais. O Sistema de interconexión de rexistros-SIR. Presentación de instancias e documentos nas oficinas públicas e nos rexistros.

Tema 19. O arquivo. Clases de arquivo. Criterios de ordenación do arquivo.

Tema 20. Decreto 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: Disposicións xerais. As condicións de emprego en igualdade na Administración Pública Galega. II Plan de igualdade de oportunidades, dereitos e deberes de mulleres e homes do Concello de Vedra.

Tema 21. Lei 19/2013, de 9 de decembro. De transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Dereito de acceso á información pública. Exercicio do dereito de acceso á información pública.

Tema 22. Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016. Dereitos das persoas interesadas: acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidade de datos e oposición. As figuras do responsable e encargado do tratamento de datos e a do delegado/a de Protección de Datos.

Posta a votación as citadas bases, apróbanse por unanimidade dos asistentes.

8º.- Acordo, se procede, sobre designación dos festivos locais para o exercicio 2019.

Dáse conta do informe da comisión de asuntos xerais do día 24 de setembro de cara á elaboración do calendario laboral para o vindeiro ano 2019 cómpre designar os dous festivos locais.



Pola Presidencia propónse designar o Día do Patio (23 de setembro) e día de Santa Baia (10 de decembro).

O Sr. Pose do BNG propón designar Santa Baia e outro que fose transversal como o Entroido.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE propón como festivos locais o Día da Ascensión e alternar Dolores e Patio.

O concelleiro non adscrito, don Roberto Castro, adhírese á proposta do BNG-AA.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE di que isto non ten moito sentido porque se vai aprobar o que queira o PP, e pregunta que proposta se vai votar.

A Presidencia responde que cada grupo político pode presentar as emendas que considere oportunas ao respecto.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo propón como festivos locais a Ascensión e o luns da festa das Dores ou do Patio, alternándoos cada ano. Consideran que a Ascensión é un bo día xa que hai moita xente que traballa en Santiago.

Anuncia o seu voto en contra á proposta do PP.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA propón como días festivos o día de Santa Baia e o martes de Entroido, xa que é unha festa de interese que recolle a tradición de Vedra.

Fai unha similitude: quere saber que lles parecería que fose festa nacional o San Jordi, polo simple feito de ser a festa da comunidade máis rica? Iso é o que está a acontecer co Patio. Di que é unha festa marabillosa dunha parroquia do concello e nada máis; e por outro lado deixan esmorecer unha tradición das máis senlleiras do concello, como é o Entroido, que está esmorecendo.

Propón unha festa relixiosa, a patroa do concello, e outra non relixiosa como pode ser o Entroido.

A Presidencia di que o Entroido saia para adiante ou non, non depende de que sexa martes de Entroido festivo. En Vedra, sexa festivo ou non, a xente a partires as 12:00 / 13:00 horas fai festivo.

Posta a votación a proposta do PP, apróbase con sete votos a favor do PP e seis votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

9º.- Acordo, se procede, sobre moción de querENDO sobre da atención a mulleres con endometriose.

Dáse conta da moción presentada por *querENDO Mulleres con endometriose*, na que expoñen que a endometriose é un doenza inflamatoria, progresiva, estrógeno-dependente, de orixe descoñecida, que consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial.

Afecta ao 10% das mulleres en idade fértil, co que en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, sendo o retraso medio de diagnóstico de 8 anos.

Por iso, solicitan do Pleno do concello a aprobación dos seguintes acordos.

O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao **Sergas e á EOXI** correspondente para que proceda a:

Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispensa o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matronas, fisioterapeutas, terapeutas,...).



Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, cirurxiáns xerais con experiencia en cirurxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos casos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinarias doutras áreas sanitarias mentres estas non existan.

O Concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de sanidade a:

Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de cirurxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas a captar doantes na sanidade pública).

O Concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

O concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación públicos galegos que desenvolvan proxectos de investigación de endometriose

O Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recortar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por querENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía.

A Presidencia di que o seu grupo está a favor da citada moción.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE quere felicitar a esta asociación que está realizando un traballo que durante anos non fixeron os profesionais.

Como xa dixo na comisión informativa, isto é unha mostra máis da pouca atención que se lle presta aos síntomas que teñen as mulleres cando están coa menstruación. Di que o seu grupo vai apoiar a moción e está convencida que se fose unha doenza masculina seguramente se terían producido máis avances no desenvolvemento dun diagnóstico e dun tratamento.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, mostra a súa concordancia coa exposición de motivos e coa resolución da proposta.

De aí despréndense uns datos alarmantes e indignantes. É alarmante que sexa unha doenza padecida polo 10% das mulleres en idade fértil, e debido a unha sanidade con perspectivas de xénero machista, seguramente non se ten atendido polo que é fundamental desenvolver unha política con perspectiva de xénero para corrixir esas eivas.



Por outro lado cre que é indignante que os períodos de diagnose sexan de oito anos, feito produto desa política machista. Celebra que os movementos sociais fagan achegas ás institucións e entende que son os suxeitos fundamentais para unha transformación social que precisa o país.

Anuncia o seu voto a favor.

Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade dos asistentes.

10º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre as Escolas Deportivas de Vedra, a Presidencia di que se trata dunha entidade deportiva sen ánimo de lucro e de carácter privado. Esta é a fórmula máis sinxela para ir sacándoa adiante xa nesta tempada mentres se vai consolidando.

Por outro lado, o Sr. Cernadas Méndez, é presidente da escola como persoa non como concelleiro de deportes, e a directiva está formada por unha mestura de directivos da E. D. Val do Ulla e o C. D. San Mamed.

O concello participa como un dos impulsores e patrocinadores principais da escola, e a medida que se vaia avanzando irán vendo cal é a fórmula xurídica máis axeitada e como debe ser a participación do concello nesa forma xurídica.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o Plan de aforro enerxético sustentable (PAES) di que da man da Universidade de Santiago houbo unha primeira actuación que foi a auditoría enerxética dos edificios públicos do centro de Vedra (colexio, pavillón, centro de saúde). Cre que deben seguir da man deles para lograr unha actuación integral nesa mesma contorna do centro de Vedra.

Nas próximas semanas convocará unha reunión para tratar estes temas.

2º.- Sobre a conexión ultrarrápida de fibra óptica di que a Xunta de Galicia non chamou ao concello para preguntar cales son as zonas con máis dificultades, nin tampouco os concellos teñen capacidade de decisión nese tema. Amtega indicoulle que é un mercado regulado e é Europa quen marca o que poden subvencionar as administracións. Neste caso, son as operadoras as que presentan o proxecto e sinalan os lugares de actuación.

No caso de Nande, vén dun despregue das axudas directas do Estado do período 2017-2018, e as outras catro, do período 2018-2020, e parece ser que está pendente unha nova convocatoria. Indica tamén, que están pendentes dunha reunión co xerente de Movistar en Galicia sobre este tema e informará do que lle transmitan.

Cre que eses puntos van coincidir onde están situadas as centrais. En xeral o servizo universal para este tema está en un mega e a petición ao Estado será que ese servizo universal sexa de 30 megas, para que as operadoras teñan que levar obrigatoriamente eses 30 megas a todos os lados.

3º.- Sobre o pago dos 70.000 € que debe abonar o BBVA di que aínda non se cobraron e a intención e telos cobrado antes de final de ano.

4º.- Sobre cando se vai facer a extensión da rede de saneamento na parte alta da aldea de Quintáns, di que xa está contestada.



5º.- Sobre como se está a prestar o servizo e se hai reclamacións das persoas usuarias e/ou traballadores/as do SAF, di que teñen comunicación coa empresa fundamentalmente para resolver as problemáticas que poidan xurdir na prestación do servizo. Di que si houbo algunha reclamación de usuarios de xeito oficial, e das traballadoras de xeito extraoficial; e tiveron varias reunións coa empresa para ir resolvendo esas situacións formuladas.

Sinala que dende o departamento de servizos sociais e a nivel político están atentos a resolver calquera situación que poida xurdir para ter unha satisfactoria prestación do servizo.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o novo cargo do Sr. Cernadas Méndez, como Presidente das Escolas Deportivas de Vedra di que é unha opinión.

2º.- Sobre o informe polas augas atoadas que baixaban polo río Ulla, di que non existe un informe. O que si houbo foron comunicacións telefónicas.

3º.- sobre o cumprimento dos programas electorais e das promesas, di que é unha opinión.

4º.- Sobre o custe da nave de envasado, di que o proxecto foi presentado en Agader, con quen xa se asinou o convenio e estará executado antes de final de ano. É basicamente obra civil (chans, falsos teitos, ascensor, fachada lateral, cambio de cuberta, etcétera) e ten un custe de 80.699 €.

5º.- Respecto do uso do velódromo de Vedra, di que é unha opinión.

6º.- Sobre a moción para a loita contra a vespa velutina velutina, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP que di que unha partida orzamentaria non vaia nos orzamentos non quere dicir que non se destinen recursos para ese tema. Por outro lado, pódese destinar unha partida e despois non gastala. Cre que o importante é a retirada dos niños, e iso estase facendo. Di que non é verdade que se baixara o gasto, porque en ningún momento se escatimaron recursos, nin económicos nin materiais para a retirada dos niños. Fíxose unha campaña importante de trampeo con importantes recursos e asinouse un contrato cunha empresa para a retirada dos niños.

O compromiso deste goberno contra a praga da vespa velutina é total e estase a demostrar. Agradece a disposición e colaboración desde o inicio neste tema, e por suposto a dos veciños.

O importante da moción era que o grupo de goberno destinara recursos económicos para a loita contra as velutinas e iso estano cumprindo.

7º.- Sobre o obradoiro de emprego, di que xa explicou no debate dos orzamentos os motivos polos que este ano non se solicitou o obradoiro de emprego, e polo tanto non existen nos orzamentos a partida de ingresos nin a de gastos.

Sinala que non se faga un ano o obradoiro de emprego non quere dicir que non se fagan medidas de fomento do emprego. Antes de final de ano abrírase o centro de coworking, seguen facendo sesións informativas dirixidas ao emprego e autoemprego, etcétera.

O obradoiro vaise solicitar para o ano 2019. Agora están a traballar nos programas da Xunta de Galicia e da Deputación de A Coruña como o PEL, Aprox Rural, Risga, Garantía Xuvenil. Hai varios mozos de Vedra no programa Galeuropa realizando prácticas formativas remuneradas en distintos países de Europa.

Cre que están facendo todo o que está nas súas mans. En calquera caso, segundo datos macro referentes ao paro en Vedra do mes de agosto de 2018, o paro é de 182 persoas



rexistradas, un 8,22 %, o que supón unha das cifras máis baixas en moitos anos en relación a Vedra.

8º.- Respecto ao custe do alugueiro das naves da estación de Renfe en Santa Cruz, a Presidencia di que o custe mensual é de 497,15 €, o que supón uns 5.965 € ao ano. Actualmente están en alugueiro todas as naves da estación e o peirao da mesma.

9º.- Sobre duplicar o gasto en sociedade da información en dous anos, di que é unha opinión.

10.- Sobre a porcentaxe de abastecemento e saneamento levada a cabo di que antes de final de ano dará eses datos concretos.

--Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a que fixeran cumprir as medidas de protección contra incendios nos terreos do parque empresarial e nos terreos urbanos do Mirador de Sales, entende que é un rogo.

2º.- Sobre a resposta que deu sobre o acordo sobre a finca de 6.000 m² xunto á nave de Trobe, entende que é unha opinión.

3º.- Sobre como está o expediente sancionador e de reposición da legalidade da carballeira de Xián que se cortou na parcela lindeira coa nave do concello, di que están pendentes da contestación do servizo de conservación da natureza da Xunta de Galicia.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, replica que a Presidencia ten unha dedicación exclusiva e debería saber como está un tema relacionado coa defensa contra incendios, cando hai dous meses que se aprobou un plan relacionado con ese tema. Cre que é chegar á preguiza con maiúsculas.

4º.- Respecto aos defectos da obra da pista de rodadura, di que é unha opinión.

5º.- Sobre a débeda do BBVA co concello, derivada do convenio de colaboración no parque empresarial, a Presidencia di que actúa igual có resto de propietarios. A medida que se van avanzando as fases é cando se deben ir emitindo as facturas correspondentes a todos.

6º.- Sobre a bolsa de emprego público temporal para substitucións por baixas, vacacións, etcétera di que se realizou o chamamento ás persoas que figuraban na bolsa de emprego e nese momento estaban todas traballando por iso se tivo que realizar un contrato cunha empresa privada xa que o servizo tiña que seguir funcionando cumprindo coa ratio monitor/menores.

7º.- Respecto ás subvencións que recibe o concello para a loita e defensa contra os incendios, a Presidencia responde que existe un convenio de colaboración subscrito entre o concello e a Consellería de Medio Rural durante o 2016, 2017, 2018 e no marco do PDR Galicia 2014-2020 por un importe de 11.709 €

O que se pretende é que todas as pistas de monte de todas as parroquias estean limpas.

8º.- Sobre a pregunta presentada por rexistro en relación a unha canalización soterrada de electricidade en Sarandón que discorre en toda a súa extensión por vías públicas municipais, a Presidencia di que solicitaron licenza e concedeuse a mesma. Cando rematen as obras, o departamento de urbanismo fará a visita de comprobación e informará se cumpriron as condicións da licenza concedida.

Hoxe mesmo pasou por alí e observou que a pista non quedou en peores condicións. A pista ten un problema relacionado coa recollida de augas pluviais.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o informe histórico do seguimento da calidade dos aglomerados que se fan no concello, di que tan pronto o teña xa llo facilitará.



2º.- Respecto do paseo cicloturista que retiraron por oposición da veciñanza, responde que está paralizado e que alí non se vai facer.

3º.- Sobre os termos e cal era a composición do tribunal que realizou a renovación do contrato do avogado Roibás, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di que se trata dun contrato, polo tanto non hai tribunal. O que se fixo, como se fai normalmente, é unha vez que están as propostas, pídese un informe, neste caso ao colexio de avogados, e en función do mesmo a mesa propuxo a adxudicación.

4º.- Respecto ao motivo polo que o PP na Xunta de Galicia se opuxo en dúas ocasións á fiscalización da contratación dun arquiveiro municipal, di que xa está contestada e cre que é un tema de sede parlamentaria e que alí é onde se debe preguntar.

5º.- Sobre cales son os termos e a empresa do contrato de erradicación de vespas velutinas, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que se fixo unha adxudicación por contrato menor á empresa Servides, á que se lle paga un importe de 50 € por niño tratado. Contratouse a partires do 01/08/2018 e nese mes retiráronse 70 niños.

6º.- Sobre cal é a entidade bancaria co que se vai contratar ese préstamo de cincocentos / setecentos mil euros, responde que sairá a concurso e despois saberán cal é a entidade bancaria.

11º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Respecto da extensión da fibra óptica, di que un dos dous está mal informado e cre que é a Presidencia. Di que as operadoras son as que deciden en que núcleos se van despreparar as extensións de fibra e iso non é verdade. Segundo as súas investigacións é a Xunta de Galicia a que o decidiu; polo tanto calquera núcleo de Vedra era apto para acoller esta oferta que fai a Xunta de Galicia.

Os núcleos elíxeos a Xunta de Galicia, e esa información déronlla directivos da empresa.

2º.- Sobre o PAES entende que iso ía saír en marzo para concorrer e conseguir esa subvención europea que había e por iso se contratou á Universidade de Santiago para que fixera os estudos e presentara un proxecto para concorrer coas máximas garantías de podelo conseguir. Pregunta se se presentou, se a presentación foi en prazo e se pretenden concorrer a esas axudas outro ano.

3º.- Respecto dos niños de velutina, di que na súa casa retiraron un niño e hai 20 días chamou para retirar outro e aínda non foron.

4º.- Respecto do aparcadoiro disuasorio de Ponte Ulla, o grupo do PSdeG-PSOE solicitou no seu momento un sitio, aproveitando que hai saneamento e abastecemento, para que as autocaravanas puideran usalo (xeito de fomentar o turismo). Pregunta como está o tema e se se pensan levalo a cabo.

5º.- Pregunta cal é o nome do avogado que leva a defensa da comisión de festas de San Xián que está envolta nunha denuncia por un accidente nunhas festas hai tres anos. O concello tamén está demandado polo operario que sufriu o accidente.

A Presidencia responde que o avogado do concello é o Sr. Roibás.

6º.- Roga que actualicen o tríptico dos locais hostaleiros do concello, porque hai locais que abriron recentemente e non figuran no mesmo e outros xa pecharon.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE pregunta:



- 1º.- Non sabe o que vai pasar dentro de oito meses, o certo é que os ve nerviosos e espera que non se coarte a liberdade de expresión de ningún membro desta sala.
- 2º.- Respecto á loita contra a vespa velutina, dille ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que non dubidou en ningún momento da capacidade de traballo. Só dixo que se lle fai raro que cando se aproba unha moción e hai unha partida orzamentaria que non apareza reflectida no orzamento municipal.
- 3º.- Sobre os lodos no río Ulla, solicita que o grupo de goberno lle pida o informe ao Seprona e llo faga chegar aos grupos.
- 4º.- Pregunta por que estivo pechado o centro da Terceira Idade no mes de agosto.
- 5º.- Pregunta que sucedeu pola festa das Dores entre un propietario dunha finca, a Garda Civil e os feirantes das atraccións.
- 6º.- Sobre a moción aprobada en pleno presentada polo PSdeG-PSOE sobre a crise humanitaria, pregunta se hai algunha xestión en marcha ao respecto e se está creado o rexistro municipal de familias de acollida.
- 7º.- Pregunta se se lle abonou á Asociación de veciños de Vedra o recibo da luz.
- 8º.- Pregunta se están instalados os desfibriladores. A Presidencia responde que si.
- 9º.- Pregunta ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, se notou o descenso no número de niños de velutina. No caso de que teña os números concretos, rógalle que os facilite.
- 10º.- Roga que se pechen os accesos aos vestiarios que hai debaixo das gradas do campo de fútbol de Vedra.
- 11º.- Os sinais de tráfico e indicacións das parroquias están esnaquizados. Roga que lle boten unha ollada e arranxen aquelas que teñan máis urxencia.
- 12º.- Solicita o arranxo dunha cruz que romeu ao lado da casa do cura en Vedra.

-- O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

- 1º.- Respecto da carballeira de Xián, que foi cortada e que está incluída dentro do plan especial aprobado no plan dotacional, tiña entendido que o concello incoara expediente de reposición da legalidade. Pregunta cal é a situación actual.
Entende que é competencia do concello, porque o propio plan aprobado contempla expresamente a preservación, conservación e mellora desa carballeira e a mesma desapareceu. Ao mellor pretenden derivar o asunto a unha corta sen licenza en solo rústico, sen os permisos pertinentes da Consellería de Medio Rural e Medio Ambiente. Cre que se está desviando o asunto de xeito interesado a unha cuestión que non é.
- 2º.- Solicita o custe total e desagregado do campamento A-camparte, incluíndo os medios e instalacións do concello empregados no mesmo.
- 3º.- Pregunta se o vagón de Santa Cruz conta xa coas condicións axeitadas para a súa utilización por persoas con mobilidade reducida.
- 4º.- Solicita unha copia do informe do estado de contas do convenio de colaboración do concello cos propietarios do polígono empresarial.
- 5º.- Solicita que as marquesiñas de autobús que estean en desuso sexan trasladadas a aqueles lugares onde non existen e sexan necesarias.
- 6º.- No proxecto de reapertura da mina de Touro, o pleno aprobou unha moción en contra do mesmo. En días pasados a empresa promotora enviou á prensa unha nota na que dicía que contestara a todas e cada unha das alegacións. Quere saber se o concello a recibiu ou ten algunha información.
Cre que se debería volver convocar esa mesa para trasladar a información que haxa ao respecto, e, se é o caso, emprender as accións que procedan en canto a levar a cabo os acordos adoptados nas mocións.



7º.- Todos son coñecedores dos problemas de avarías que está tendo a rede de abastecemento de auga en Santa Cruz, solicita información ao respecto por se foran defectos de obra ou execución, ou o mal deseño da instalación; así como saber cales son os motivos que provocan os problemas de avarías e roturas constantes.

8º.- Pregunta se hai un proxecto para o contido da nave de envasado en San Mamede e cal é o custe da execución dese proxecto de posta en marcha.

9º.- Reitera a petición de que se faga cumprir a Lei de defensa contra incendios na urbanización do Miradoiro de Sales.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Solicita de novo o informe histórico dos aglomerados realizados no concello. Incide no deixamento do grupo de goberno, xa que é a cuarta vez que o solicita.

Solicita de novo os informes históricos sobre a calidade dos aglomerados, os ensaios, a empresa externa que realiza a auditoría, o seguimento de calidade e o persoal municipal asignado a este labor.

2º.- Solicita información de onde se realizará o paseo cicloturístico que se ía realizar en San Mamede. Négase a crer que unha inversión de case 500.000 € quede abandonada.

3º.- Pregunta cantas propostas se achegaron e cal foi a publicidade do proceso para a contratación do Sr. Roibás.

4º.- Volve a incidir en cal é o motivo polo que o PP na Xunta de Galicia se opuxo en dúas ocasións á fiscalización da contratación dun arquivista municipal.

5º.- Respecto á retirada de niños de vespa velutinas, hai un consumo de case 10.000 €. Pregunta se están presupostados e de onde sacan eses cartos.

6º.- Solicita os xustificantes dos pagos, que teoricamente é a metade do salario do arquitecto municipal, que en teoría de acordo co convenio orixinal do polígono e cos propietarios do mesmo; teñen que pagar eles a xustificación dos pagos que realizan dende o colectivo de empresarios propietarios diso nos últimos 8/10 anos, e como se vai facendo ese pago periódico dos consumos.

Tamén quere saber que parte da modificación do PXOM foi pagada polo colectivo de empresarios, xa que en teoría a metade correspóndelle ao concello e a outra metade aos propietarios.

7º.- Pregunta como está o tema da depuradora de Bazar.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos.